



ANEXO III Referencia convocatoria: 2025/CP/094

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta de Galicia - Universidade da Coruña			
Título: Talento en formación. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Industrial de Ferrol 2024-2028			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Desenvolvemento de accións estratéxicas no Campus Industrial de Ferrol 2024-2028			
PERÍODO AXUDA:		INICIO: 12/03/2024	FIN: 12/03/2028
CENTRO Inv. Principal: Un dos centros que forman parte do Campus Industrial de Ferrol			
OBJECTO DO CONTRATO: Contratación de 1 investigador/a en formación con tarefas propias da categoría e en liña do cumprimento dos indicadores de investigación nos que se basea o Convenio.			
LUGAR E HORARIO: Unos dos centros que forman parte do Campus Industrial de Ferrol. Horario: 35 h/semana en horario de luns a venres de 8:00h a 15:00h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVIEMBRE DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO Ao CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☒ * Require matrícula programa doutorado SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☐		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	Data aprox. Inicio contrato: 15/07/2025
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐		Duración determinada ☒	
		Data fin de contrato: fin de convenio 12/03/2028	
RETRIBUCIÓNS BRUTAS : 1.738,33**			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 09.02.24.08.65-541A-640.0006			

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

** O pago da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade pártela proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Estar matriculado nun programa de doutoramento do SUG
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben de terse cumpridos no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas ao Vicerreitorado de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria.
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade
2. Fotocopia da titulación académica
3. Currículo
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
6. Documentos acreditativos de todos os méritos alegados. Non se terán en conta os méritos que no se acrediten documentalmente.

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes):**

TITULARES: Ana Isabel Ares Pernas (TU), Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (presidenta), Marcos Míguez González (TU), director do Campus Industrial de Ferrol (secretario), Armando José Yáñez Casal (CU), Director Científico do CITENI (vogal).

SUPLENTES: Jerónimo Puertas Agudo (CU), Vicerreitor de Investigación e Transferencia, María Amalia Jácome Pumar (TU), Adxunta de Investigación, Francisco Javier González Varela (TU), Director Técnico do CITENI.

LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do ficheiro de gastos indicado neste documento. A base para lexitimar o tratamento atópase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obrigação legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprarán co deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos serán tratados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade antes indicada, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento, pode consultar www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

Documento asinado dixitalmente**A INVESTIGADORA PRINCIPAL****Ana Isabel Ares Pernas****Documentación que debe presentar a persoa solicitante:**

1. Fotocopia do documento de identidade
2. Fotocopia da titulación académica
3. Currículo
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
6. Documentos acreditativos de todos os méritos alegados. Non se terán en conta os méritos que no se acrediten documentalmente.

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	2/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

1. OBXECTO

Esta convocatoria "Talento en formación" ten como obxecto a contratación de 1 investigador/a predoutoral e diríxese a persoas de calquera nacionalidade que estean a realizar ou inicien no curso 2024/2025 os estudos correspondentes a algún dos Programas Oficiais de Doutoramento da Universidade da Coruña cuxa temática estea relacionada coas liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol (CIF) e cuxo proxecto de tese estea ou vaia ser dirixido ou codirixido por unha persoa investigadora adscrita ao CIF. A través desta convocatoria, e en liña co apartado captación e retención de talento da dimensión investigación do convenio coa Xunta de Galicia do Campus Industrial da UDC, búscase a xeración, captación e recuperación de talento científico e investigador especializado nos ámbitos en que o CIF quere centrar o seu posicionamento pola súa consideración de estratéxicas dentro da planificación actual da entidade: Robótica Industrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñaría naval e offshore, xestión industrial e desenvolvemento do produto.

En consonancia co artigo 21 da Lei 14/2011 do 1 de xuño da lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, no seu apartado a) que indica que a última etapa do contrato irá dirixida á orientación posdoutoral por un período máximo de doce meses e non poderá exceder a máxima sinalada no apartado c) de dita lei, establecendo a duración determinada do contrato, con dedicación a tempo completo, nun máximo de 4 anos, o CIF atinxirase a lei e os prazos establecidos nela mentres siga vixente o convenio que apoia estas axudas e se produza o proceso de reacreditación como Campus de Especialización en marzo do ano 2028.

A persoa beneficiaria da axudas desenvolverá tarefas en liña co convenio, traballará para o aliñamento cos indicadores establecidos no mesmo e cumprirá cas seguintes obrigas do seu posto:

1. Desenvolver un proxecto de tese aliñado con algunha das liñas estratéxicas do CIF e avalada por un/unha investigador/a adscrito a este.
2. Deseñar os procesos de experimentación e recollida de datos
3. Traballo de campo e análise dos datos obtidos neste traballo.
4. Preparar informes intermedios e finais incluíndo xustificacións de cales son as achegas de investigación ás liñas estratéxicas do CIF, así como a memoria anual de actividades para as xustificacións do CIF
5. Diseminar resultados en contextos nacionais e internacionais en concordancia cos indicadores do CIF
6. Publicar os resultados no ámbito científico correspondente en liña cos intereses de difusión científica do CIF. No caso de que o resultado da investigación conleve transferencia á empresa ou creación de patentes debe de existir unha clara coincidencia coas liñas estratéxicas do CIF.
7. Elaboración da memoria final de tese para á súa posterior lectura e defensa que permita a obtención do título de doutor/a.

Como contraparte, quedará exenta de abonar a matrícula anual, así como, as taxas académicas e administrativas correspondentes ao Programa de Doutoramento durante o tempo que dure devandito contrato. O anterior non exime ao candidato do deber de matricularse con continuidade en cada curso académico a tempo completo ata a defensa das teses nos prazos indicados na normativa de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento da Universidade da Coruña para cada curso.

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	3/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





2. CARACTERÍSTICAS XERAIS

Estadías no estranxeiro:

Co obxecto de que a persoa investigadora beneficiaria deste Programa poida **alcanzar a mención de doutora ou doutor internacional**, de acordo co establecido no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, **fináncianse unha estadía de tres meses de duración no estranxeiro**, que terá que realizarse no período comprendido entre o **01 de xaneiro e o 31 de outubro de 2026**, cunha axuda complementaria que terá un **importe máximo de 6.000 €**, segundo o destino da estadía de acordo coa seguinte distribución:

- Zona 1:** 2000 €, se a estadía se realiza en Portugal ou Andorra.
- Zona 2:** 4000 €, se a estadía se realiza en Europa (excepto Portugal e Andorra), África ou América, excepto EUA e Canadá.
- Zona 3:** 6000 €, se a estadía se realiza en EUA, Canadá, Asia ou Oceanía.

Unicamente por circunstancias excepcionais sobrevindas poderá modificarse a zona de estadía concedida, sempre que non supoña incremento do orzamento asignado, previa solicitude e informe favorable da Oficina do Campus Industrial de Ferrol.

Seguros: durante o período de estadía, o Campus Industrial de Ferrol subscribirá para a persoa investigadora un seguro de accidentes, de responsabilidade civil e, cando se trate de países sen concerto coa Seguridade Social española ou cando as coberturas deste concerto sexan insuficientes, un seguro de asistencia médica cuxo ámbito de cobertura inclúa o país de destino. Estes seguros cubrirán o período total da estadía efectiva.

As estadías terán que asegurar un grao de mobilidade e de internacionalización ao cal non se puidese acceder pola formación académica anterior ou por outros factores tales coma residencia, país de orixe ou nacionalidade, e en ningún caso poderá ocasionar un atraso na finalización dos estudos de doutoramento.

Complementariedade con outras axudas dirixidas a formación predoutoral

No caso de que con anterioridade á formalización do contrato predoutoral a persoa candidata gozase dalgunha axuda pública ou persoal, dirixida á súa formación predoutoral ou no marco do Estatuto do persoal en formación, aprobado polo Real Decreto 103/2019 (BOE número 64, do 15 de marzo), a duración da axuda desta convocatoria reducirase no tempo equivalente. A resolución de minoración corresponderalle á Comisión de Avaliación desta convocatoria que se designará máis adiante. Para estes efectos, as persoas candidatas propostas deberán comunicarlle á devandita comisión, antes da firma do contrato, a percepción doutras axudas, así como proporcionar calquera outra información que lle sexa requirida neste sentido.

En ningún caso a axuda que se conceda poderá ter unha duración inferior a 24 meses, contados desde a data prevista de incorporación, é dicir, do inicio de contrato.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- Ter nacionalidade dun estado membro da Unión Europea.** Non obstante, as persoas non comunitarias poderán ser candidatas á axuda, aínda que para formalizar o contrato deberán contar cos permisos necesarios de permanencia no país.
- Estar a realizar a tempo completo os estudos de doutoramento nalgún dos Programas de Doutoramento da Universidade da Coruña.** Este requisito ha de cumprirse dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	4/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- c) **Que vaian desenvolver o seu proxecto de tese** sobre algunha das áreas descritas no apartado 1 desta convocatoria.
- d) **Que a data de finalización da titulación que dea acceso ao programa de doutoramento** sexa igual ou **posterior ao 1 de xaneiro de 2019**. Enténdese como data de finalización destes estudos a de superación da última materia para completalos. Esta data **poderá ser igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2017** nos seguintes casos:
1. As persoas que se atopaban de **baixa maternal** ou que tiñan **ao seu cargo menores de 6 anos** entre o 1 de xaneiro do 2017 e o 31 de decembro de 2019.
 2. As persoas candidatas cunha **discapacidade igual ou superior ao 33 por cento**.
 3. As **persoas que acrediten** fidedignamente que **interromperon os estudos** por causa dunha **enfermidade grave** ou que se dedicaron á **atención de persoas maiores** con graos de parentesco establecidos no Capítulo III na sección 2ª, artigos 915 e seguintes, do Código Civil.
- e) Contar no **expediente académico do grao ou licenciatura** cunha **nota media igual ou superior a 7, ou a 6** nas titulacións da rama de **Enxeñaría e Arquitectura**.
- f) **Non se admitirán** como candidatas a ser destinatarias destas axudas as **persoas** que estean en posesión do **título de doutor**.

4. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Ademais da documentación requirida segundo o artigo 10.3 do *Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo VI para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento*, aprobada en Consello de Goberno do 5 de xuño do 2024, as solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- a) **Copia do DNI / pasaporte:** por ambas as caras, en vigor, lexible
- b) **Certificado de matrícula:** certificado de acreditación por parte da persoa solicitante de estar matriculada nun Programa Oficial de Doutoramento da Universidade da Coruña.
- c) **Copia do título de grao e/ou mestrado.** As persoas solicitantes que cursasen os estudos no estranxeiro e que posúan a certificación académica expedida nun idioma distinto ao español ou ao inglés terán que acompañala da correspondente tradución xurada.
- d) **Nota media do expediente académico.** Achegarase copia dixital do expediente académico completo incluíndo estudos de grao e posgrao.
- e) **Alegacións:** Xustificación dalgunha das situacións excepcionais do punto 3. d).
- f) **Historial de méritos:** o historial permitirá identificar inequivocamente:
 1. Premios extraordinarios.
 2. Cursos de formación especializada: computaranse cursos de formación especializada na materia, dun mínimo 12 horas de duración e que fosen realizados con posterioridade á data de obtención do título de Licenciado/a, Graduado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a.
 3. Estadías.
 4. Autoría ou coautoría de publicacións en revistas especializadas.

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	5/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





5. Participación en congresos.
6. Desfrutar no pasado de becas de colaboración en departamentos universitarios ou grupos de investigación ou dispoñer de experiencia laboral en proxectos de I+D+i relacionados co programa de doutoramento a cursar.

Todos os **méritos** deben vir acompañados polo seu **xustificante correspondente**, é dicir con copia acreditativa de cada un dos méritos e unha declaración asinada da súa veracidade. Aqueles méritos que non poidan contrastarse non se terán en conta na avaliación.

- g) **Contrato predoutoral previo:** no caso de que teña gozado con anterioridade dun contrato predoutoral: a entidade contratante, a data de comezo e fin real ou previsto no contrato.
- h) **Memoria descriptiva do traballo de investigación orixinal que se pretende realizar durante o contrato** (máximo 5 follas en letra Times New Roman 12, interliñado 1,5 e marxe superior e inferior 2,5 cm e dereito e esquerdo 3 cm). A memoria incluírá o visto e prace e certificación asinada da persoa directora do traballo de investigación, así como da persoa codirectora, se existise esa figura. Esta memoria especificará:
 1. Título.
 2. Antecedentes.
 3. Obxectivos.
 4. Contidos básicos do traballo, metodoloxía, actividades a realizar, planificación temporal e transferencia de resultados..
 5. Adecuación do proxecto ás liñas estratéxicas do CIF segundo o apartado 1 desta convocatoria, identificando claramente a área e a xustificación da súa adecuación.
 6. Visto e prace e certificación da/s persoa/s directora/s do traballo de investigación
- i) **Declaración de aceptación** da/s persoa/s designada/s para dirixir e codirixir a tese. A presentación da solicitude comportará a autorización da persoa solicitante e do seu director/a de o traballo de investigación para que a Comisión Avaliadora Externa poida consultar, comprobar, obter ou requirir a información que consta no seu expediente na UDC, necesaria para a súa identificación como persoa beneficiaria e para a avaliación dos méritos.

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As solicitudes serán avaliadas de acordo aos seguintes criterios:

A) Méritos académicos da persoa candidata (máximo 40 puntos)

- **Expediente académico da titulación universitaria oficial de grao, licenciatura, arquitectura técnica, enxeñería ou equivalentes** (máximo 15 puntos).
- **Expediente académico do mestrado oficial** (máximo 15 puntos).

A puntuación dos expedientes académicos tanto da titulación universitaria coma do mestrado obterase de acordo coa resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnQ/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	6/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnQ%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





A nota media do expediente académico para os títulos obtidos en sistemas universitarios estranxeiros debe calcularse de acordo co disposto na resolución do 18 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Ciencia e Innovación pola que se actualiza a relación de escalas de cualificación dos estudos ou títulos universitarios estranxeiros e as equivalencias ao sistema de cualificación das universidades españolas, publicadas polas resolucións do 21 de marzo de 2016 e do 20 de xuño de 2016.

A persoa candidata terá que tramitar a declaración de equivalencia da nota media de acordo con este procedemento e achegala ao Vicerreitorado de Política Científica, Investigación e Transferencia. A verificación de declaración de equivalencia corresponde á universidade, que deberá revisar que os datos consignados nela coinciden cos do certificado presentado para darlle validez á mesma, polo que só será válida se está acompañada da copia do certificado académico oficial e no seu caso da tradución correspondente.

En todos os casos a nota coa que se concorre á convocatoria ten que estar adecuada ao Real Decreto 1125/2002, do 5 de setembro, e tendo en conta os criterios sinalados no Protocolo de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas para a valoración de expedientes académicos.

A **nota media do expediente** puntuarase segundo o seguinte **baremo**:

- Nota media do expediente académico 10 --- 15 puntos
- Nota media do expediente académico 9 --- 12.5 puntos
- Nota media do expediente académico 8 --- 10 puntos
- Nota media do expediente académico 7 --- 7.5 puntos
- Nota media do expediente académico 6 --- 5 puntos
- Nota media do expediente académico 5 --- 2.5 puntos
- Nota media do expediente académico 4 --- 0 puntos

Avaliarase a nota media de cada unha das titulacións con até 15 puntos, segundo os tramos indicados na táboa anterior e interpolando linealmente para as cualificacións que non sexan números enteiros:

É dicir, a puntuación, P, neste apartado, sería a función da cualificación media do expediente, C, (No intervalo de 0 a 10), a calcular mediante a fórmula $2.5 \cdot \max \{ 0, C - 4 \}$

- **Premios extraordinarios:** 2,5 puntos por premio (máximo 5 puntos).
- **Cursos de formación especializada** relacionada co proxecto de doutoramento a realizar: 0,1 puntos por curso de entre 12 e 20 h, 0,2 puntos por cursos de entre 21 e 50 h, 0,5 puntos para cursos de máis de 50 h (máximo 5 puntos).

B) Méritos de investigación (máximo 30 puntos):

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	7/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- **Publicacións:** 3 puntos por publicación en revistas científicas JCR Q1 e 1,5 puntos por outras publicacións (máximo 10 puntos)
- **Becas de colaboración en departamentos universitarios ou grupos de investigación ou experiencia laboral en proxectos de I+D+i** relacionados co programa de doutoramento a cursar: 5 puntos por ano (parte proporcional por cada mes completo) (máximo 10 puntos)
- **Participación en congresos:** 1 punto por relatorio convidado e 0,5 puntos por cada asistencia (máximo 5 puntos)
- **Estadías:** 5 puntos por ano (ou parte proporcional por cada mes completo) (máximo 5 puntos)

C) Nivel de coñecemento de inglés. Competencia lingüística acreditable do idioma inglés (máximo 5 puntos):

- Nivel básico (A2-B1) ou equivalente: 1 punto
- Nivel intermedio (B2) ou equivalente: 3 puntos
- Nivel avanzado (C1) ou equivalente: 5 puntos

D) Calidade da proposta da memoria descriptiva que se propón para a obtención de título de doutor (máximo 13 puntos):

Valorarase o impacto, nivel de innovación, coherencia e viabilidade do seu desenvolvemento, segundo a información obxectiva achegada pola persoa candidata na memoria. Será considerado requisito indispensable que a proposta contribúa ás áreas de investigación de especial interese segundo o apartado 1 desta convocatoria:

- Impacto da investigación proposta: 5 puntos.
- Nivel de innovación: 4 puntos.
- Coherencia e viabilidade do seu desenvolvemento: 4 punto.

6. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A selección realizarase en **dúas fases**:

- **Primeira fase:** avaliaranse os **méritos** da persoa candidata, a memoria de investigación e a súa adecuación ás liñas estratéxicas do CIF segundo os criterios especificados no apartado 5 desta convocatoria. De non adecuarse o proxecto ás liñas estratéxicas do CIF a persoa candidata quedará descartada do proceso de selección.
- **Segunda fase:** as persoas candidatas serán convocadas a unha **entrevista persoal**, que pode ser presencial ou online. Esta entrevista realizarase na forma, lugar, día e hora establecida pola Comisión avaliadora e suporá unha puntuación máxima de 12 puntos.

Establécese unha **puntuación mínima de 40 puntos** no proceso de selección (incluíndo valoración de méritos e entrevista) para integrar a lista de agarda, que se rexerá polo indicado no artigo 16 do Regulamento de Contratación.

De ser preciso, poderase solicitar asesoramento externo por parte dos 3 membros do Comité Asesor Científico do CIF tendo en conta o regulamento publicado o 22/11/2021 https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/012277 (D. Carlos Balaguer Bernaldo de Quirós, D. Carlos Alberto Méndez, D. Senentxu Lanceros Méndez).

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	8/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





7. DEBERES E DEREITOS DA PERSOA BENEFICIARIA

A persoa beneficiaria comprométese a cumprir os seguintes deberes, e poderá desfrutar dos seguintes dereitos:

- Adscrición:** adscribirse ao CIF e cumprir con todos os deberes respecto á filiación e visibilización do Campus Industrial segundo as indicacións do Manual de identidade corporativa do CIF (https://campusindustrial.udc.es/wp-content/uploads/2024/07/20230612_Manual-imagen-corporativa-CIF.pdf). A adscrición ao CIF como Investigador en Formación dará acceso a todos os dereitos previstos para esta tipoloxía de investigadores.
- Estadía no estranxeiro:** cando a persoa beneficiaria vaia realizar a estadía no estranxeiro deberá enviar por correo electrónico á dirección investigacion.campus.industrial@udc.gal, e polo menos un mes antes de a estadía, os seguintes documentos:
 - Plan de traballo asinado pola persoa beneficiaria e as persoas directoras de teses.
 - Carta de aceptación do centro de destino asinada pola persoa directora do centro ou figura equivalente, indicando país e zona de destino .
 - Autorización de ausencia por parte das persoas directoras de teses.
- Informes anuais:** remitir ao CIF (investigacion.campus.industrial@udc.gal) un informe científico-técnico anual detallando todas as actividades desenvolvidas no ano, asinado polas persoas directoras ou codirectoras de teses. O informe será avaliado pola comisión de avaliación durante o tempo que dure a súa permanencia no programa e o contrato poderá resolverse no caso de que non se supere favorablemente esta avaliación.
- Informe final:** remitir ao CIF (investigacion.campus.industrial@udc.gal) un informe científico-técnico antes de a finalización do seu contrato detallando todas as actividades desenvolvidas desde o inicio do contrato, asinado polas persoas directoras ou codirectoras da tese.
- Obriga de publicidade e referencia:** incluír na súa tese de doutoramento e en todas as publicacións que deriven do seu traballo a súa condición de participante no Programa Talento en Formación do CIF da UDC.
- Colaborar** en todas aquelas actividades de difusión que lle sexan requiridas desde o CIF relacionadas co seu traballo de investigación, incluídas aquelas en as que a súa imaxe e/ou voz poida ser difundida nos medios da UDC e do Campus Industrial de Ferrol (redes sociais, páxina web...) para o que asinará o correspondente consentimento no momento da formalización do contrato.
- Acreditación das actuacións realizadas:** a persoa beneficiaria poderá solicitar que o CIF acredite as colaboracións e actividades complementarias realizadas no tempo de duración do seu contrato.

A adxudicación deste contrato non establece ningún compromiso respecto á posterior incorporación ao persoal do Campus Industrial de Ferrol ou á Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	9/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Tarefas docentes: O persoal investigador predoutoral en formación poderá colaborar nas tarefas docentes sen que supoña unha merma da carga docente do departamento que asigne a colaboración ata un máximo de 180 horas durante a extensión total do contrato predoutoral, e sen que en ningún caso se podan superar as 60 horas anuais, de acordo co artigo 4.2 do Estatuto do persoal investigador en formación (aprobado polo Real Decreto 103/2019, do 1 de marzo). En ningún caso a persoa beneficiaria poderá ser responsable ou coordinadora dunha materia nin formar parte de tribunais ou asinar actas. As actividades así exercidas non darán dereito a ningunha retribución por parte do CIF, poderán ser só de docencia práctica, e serán supervisadas por un ou varios docentes do departamento. A autorización e certificación de realización das actividades de formación docente será emitida polo departamento correspondente.

Proxectos: as persoas beneficiarias poderán formar parte dos equipos investigadores dos proxectos concedidos ao CIF.

9. EXTINCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase, ademais de por algunha das causas recollidas no artigo 18 do *Regulamento de Contratación de persoal laboral no capítulo VI para proxectos, axudas e convenios de investigación*, polas seguintes circunstancias:

- Abandoar o programa de doutoramento por causas diferentes de ter lido a tese.
- Non renovar anualmente a matrícula coa Universidade da Coruña no Programa correspondente de doutoramento no que se iniciou o contrato.
- Cambiar a dirección de tese, agás no caso de que a nova persoa directora estea traballando nunha liña de investigación similar e no mesmo grupo ou laboratorio de investigación e cumpra os requisitos esixidos na convocatoria, mantendo a temática e o contido do proxecto de tese presentado, previa solicitude e visto e prace da comisión avaliadora.
- Outros cambios non incluídos no ítem previo, isto é: cambios substanciais na proposta de tese respecto á memoria descritiva do proxecto do punto 5.A d) desta memoria de convocatoria, avaliada durante o procedemento de selección que implique un cambio na temática da mesma.
- Incumprir algunha das obrigas do apartado 7.
- Ocultar datos, falsidade ou manipulación da documentación ou información solicitada respecto ao declarado por parte da persoa beneficiaria para a valoración da súa candidatura.

Código Seguro De Verificación	1Sa47ukqCdhNGJLnLnG/ZQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	14/05/2025 21:05:28
Observacións		Páxina	10/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1Sa47ukqCdhNGJLnLnG%2FZQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

